

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6.^a, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 03.11.2017 Hora: 10:30

A Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 3 de novembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Designación da Ponencia encargada de elaborar o informe sobre a Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética. (doc. núm. 37326, 09/PPLI-000013)

Punto 2. Preguntas orais

- 2.1 15031 (10/POC-002740)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas actuacións levadas a cabo polas compañías distribuidoras de electricidade para xestionaren as incidencias e repararen os danos producidos durante o temporal rexistrado en Galicia nos primeiros días de febreiro de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017
- 2.2 16873 (10/POC-002910)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 5 máis
Sobre os informes emitidos polos departamentos da Xunta de Galicia consultados en relación co novo megaproxecto mineiro de Touro, a omisión do problema das drenaxes ácidas da mina nel e a súa posible incidencia na viabilidade ambiental do proxecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 183, do 28.09.2017
- 2.3 17264 (10/POC-002948)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre o número de vivendas de uso turístico existentes en cada un dos concellos de Galicia dende a entrada en vigor do Decreto 12/2017, así como a posición do Goberno galego en relación co recurso contencioso-administrativo presentado ao respecto pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017
- 2.4 17729 (10/POC-002996)
Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia ou actuación para a elaboración do estudo de impacto medioambiental para o dique seco de Navantia en Caranza e a súa información respecto da data de inicio das negociacións para o remate do plan industrial, o seu remate definitivo, a publicación e a posta en marcha, así como o orzamento necesario para o seu desenvolvemento

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017

- 2.5 18019 (10/POC-003018)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia en relación coas seis edicións do Encontro de Artesanía Tradicional e Popular de Galicia, Corazón de Artesanía, levadas a cabo nos Pendellos de Agolada, na provincia de Pontevedra, os datos ao respecto e os resultados das enquisas de satisfacción dos participantes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017
- 2.6 18991 (10/POC-003123)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non participar no Fairway (Fórum do Camiño de Santiago)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 199, do 24.10.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2017

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6.^a, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 03.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Designación da Ponencia encargada de elaborar o informe sobre a Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.(doc. núm. 37326, 09/PPLI-000013)

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 03.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 03.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 15031(10/POC-002740)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas actuacións levadas a cabo polas compañías distribuidoras de electricidade para xestionaren as incidencias e repararen os danos producidos durante o temporal rexistrado en Galicia nos primeiros días de febreiro de 2017

Publicación da iniciativa, 175, 14.09.2017



Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, relativa a obter información das conclusións ás que chegou o goberno galego após o expediente informativo de febreiro de 2017 ás compañías distribuidoras de electricidade.

O pasado 6 de febreiro de 2016 a Xunta de Galiza comunicou que a raíz do temporal vivido no noso país “A Xunta está avaliando a situación tras os cortes no subministro eléctrico que se produciron en Galicia a causa do temporal dos últimos días para o que abrirá un expediente informativo ás compañías distribuidoras co obxecto de confirmar que os protocolos de traballo seguidos foron os axeitados.”

Por todo isto, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

- Que valoración fai o goberno galego das actuacións levadas a cabo por parte das compañías eléctricas para xestionar as incidencias durante o temporal?

- Considera a Xunta de Galiza que se cumpriron os protocolos de maneira suficiente?

- Ten avaliado o goberno galego se as compañías eléctricas cumpren de forma suficiente as esixencias en materia de prevención de incendios e acondicionamento das zonas de paso das liñas eléctricas?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15031
Data envío: 01/09/2017 11:28:00.919

- Ten constancia o goberno galego de se cumpren as distribuidoras os límites de calidade das liñas?

- Como valora o goberno galego o proceder das compañías eléctricas canto á subsanación de danos para as persoas afectadas?

- Ten información a Xunta de Galiza a respecto da cantidade de persoas afectadas polos danos do temporal así como das contías económicas?

- Presentou ou vai presentar a Xunta de Galiza sancións contra as compañías eléctricas?

- Ten pensado o goberno galego instar ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2017 11:28
Nº Rexistro: 15031
Data envío: 01/09/2017 11:28:00.919

Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2017 11:19:26

María Montserrat Prado Cores na data 01/09/2017 11:19:36

Ana Pontón Mondelo na data 01/09/2017 11:19:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/09/2017 11:19:39

Olalla Rodil Fernández na data 01/09/2017 11:19:43

Xosé Luis Bará Torres na data 01/09/2017 11:19:44

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 03.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 16873(10/POC-002910)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 5 máis

Sobre os informes emitidos polos departamentos da Xunta de Galicia consultados en relación co novo megaproxecto mineiro de Touro, a omisión do problema das drenaxes ácidas da mina nel e a súa posible incidencia na viabilidade ambiental do proxecto

Publicación da iniciativa, 183, 28.09.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

A deputada **Paula Vázquez Verao** e os deputados **Francisco Casal Vidal, Juan Juan José Merlo Lorenzo, Marcos Cal Ogando, Antón Sánchez García e Luís Villares Naveira**, pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6.ª**

Explotaciones Gallegas, titular dos dereitos de explotación das antigas minas de cobre ubicadas nos municipios do Pino e Touro, explotadas entre 1973 e 1986, pretende retomar esta actividade no xacemento que na actualidade explota como canteira de áridos. Actualmente a empresa pretende reiniciar a explotación na zona cun megaproxecto en parcería con Atalaya Mining.

Atalaya Mining, empresa titular da mina de Riotinto, é unha produtora de cobre que ten os seus principais activos na zona de Río Tinto, en Huelva, que é coñecida como unha das zonas máis devastadas do planeta polo efecto das drenaxes ácidas de mina, asociadas aos procesos de oxidación da piritita e lixiviación de metais pesados.

Explotaciones Gallegas foi expedientada ao menos en dúas ocasións, en 2006 e 2007, pola Consellería de Medio Ambiente por depositar residuos non autorizados que contaminaron as augas subterráneas da zona e chegan ao canle do Ulla. En 2013, a oficina da Defensora del Pueblo de Soledad Becerril abriu unha investigación nesta zona mineira a raíz dunha denuncia da plataforma Salvemos Cabana en relación ás verteduras de sulfuros metálicos que alcanzaban a afluentes do Río Ulla.

Atalaya Riotinto tras explotar durante anos o cobre abandonou á intemperie vertedoiros e cortas suxeitas a meteorización ambiental o que derivou na



formación de augas e solos hiperácidos e hiperoxidantes, contaminando os recursos hídricos da zona con compostos potencialmente perigosos para a saúde. Actualmente, os ríos Tinto e Odiel, na zona mineira do cobre de Huelva, supoñen o 15% do cobre e o 47% do cinc aportado polo conxunto dos ríos do planeta aos mares e océanos.

O alto grado de contaminación ao que xa están expostas as poboacións do Pino e Touro mesmo queda en evidencia no documento “Modificación puntual do proxecto sectorial do parque empresarial de Touro”, que di textualmente: “O parque empresarial aséntase sobre parte das terras mineiras que foron explotadas pola empresa Minas de Río Tinto, a cal finalizou a súa actividade en 1967, deixando en Touro unha paraxe gravemente contaminada que foi preocupación de todos os habitantes da comarca”.

A pesar de todo o exposto, por Resolución do 18 de agosto de 2017 someteuse a información pública a actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael número 2946, promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.

Non obstante, sorprende que no voluminoso proxecto non se inclúa nin a primeira referencia ao problema das drenaxes ácidas de mina, unha das principais afeccións dunha explotación destas características. Non se inclúe un proxecto de tratamento desas augas ácidas, con altas disolucións de metais pesados, nin se fai unha caracterización do estado actual do medio receptor. Este feito parece suxerir que a concesionaria nin toma en serio nin pretende facer un investimento no tratamento das augas acorde cos lucros que manifesta que irá conseguirá con este megaproxecto mineiro.

Polo exposto, a deputada e os deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.^a

1. Téñense emitido desde algúns dos departamentos consultados informes positivos relativos ao novo megaproxecto minero de Touro?
2. Como é posíbel que desde ningún departamento da Xunta se detectase a omisión do problema das drenaxes ácidas de mina nos referidos proxectos? Non invalida esta omisión intencional a viabilidade ambiental do proxecto?
3. No ano 2005, a Xunta recoñecía que tan só o 22% da auga superficial cumpría os obxectivos medioambientais da Directiva Marco. Cal é esa porcentaxe agora? Dispón a Xunta de analíticas do medio receptor onde se irán efectuar as verteduras deste megaproxecto mineiro a ceo aberto?
4. Considera a Xunta compatible a mellora da calidade das augas superficiais e subterráneas coa actividade mineira do cobre cando esta non contempla o problema de xeración de drenaxes ácidas de mina e o seu tratamento?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Francisco Casal Vidal

Juan José Merlo Lorenzo

Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2017 13:21
Nº Rexistro: 16873
Data envío: 19/09/2017 13:21:58.447

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 19/09/2017 13:20:37

Francisco Casal Vidal na data 19/09/2017 13:20:45

Juan José Merlo Lorenzo na data 19/09/2017 13:20:55

Marcos Cal Ogando na data 19/09/2017 13:21:05

Antón Sánchez García na data 19/09/2017 13:21:15

Luis Villares Naveira na data 19/09/2017 13:21:27

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 03.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 17264(10/POC-002948)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o número de vivendas de uso turístico existentes en cada un dos concellos de Galicia dende a entrada en vigor do Decreto 12/2017, así como a posición do Goberno galego en relación co recurso contencioso-administrativo presentado ao respecto pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O pasado día 10 de maio entrou en vigor o *Decreto 12/2017 do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Hoxe en día, tanto a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia, como a Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) solicitan que se eliminen ou corrixan algúns dos aspectos que recolle o decreto xa en vigor.

A pesar do requirimento feito pola CNMC á Xunta de Galicia, esta non modificou o Decreto e, ante esta situación, a CNMC interpuxo un recurso contencioso-administrativo ante o TSXG. Considerando os antecedentes doutros contenciosos similares en distintos tribunais superiores de xustiza, doutras comunidades autónomas como Madrid ou Canarias, nós manifestamos a necesidade de abordar de novo o tema e de buscar as vías de solución de maneira consensuada e dialogada.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Dende a entrada en vigor do Decreto 12/2017, cantas vivendas de uso turístico hai en cada provincia, especificadas por concellos?

2ª) Cal é a postura da Xunta de Galicia referida ao recurso contencioso-administrativo da CNMC (Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia), no relativo ao Decreto 12/2017, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17264
Data envío: 22/09/2017 14:27:12.338



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/09/2017 14:25:10

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/09/2017 14:25:15

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 03.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 17729(10/POC-002996)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia ou actuación para a elaboración do estudo de impacto medioambiental para o dique seco de Navantia en Caranza e a súa información respecto da data de inicio das negociacións para o remate do plan industrial, o seu remate definitivo, a publicación e a posta en marcha, así como o orzamento necesario para o seu desenvolvemento

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17729
Data envío: 28/09/2017 14:26:48.079



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta,** para a súa resposta oral na Comisión 6.^a, **relativa ao Plan Industrial de Navantía**

En abril de 2016 os diferentes grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados aprobaron, a instancias do grupo parlamentario de En Marea, e por unanimidade, unha Proposición non de lei na que se instaba ao Goberno, á SEPI e a Navantía a que adoptasen as medidas necesarias para negociar un plan industrial viable para os estaleiros galegos.

Este Plan Industrial debería definir a carga de traballo, ampliando a oferta para a construción de buques do sector civil, incorporando novas actividades, como as enerxías renovables.

Tamén se solicitou un plan financeiro para garantir os recursos necesarios para manter a actividade, incluíndo un plan de investimentos e en I+D. Así mesmo, neste acordo esixíase un plan laboral que asumise a necesaria substitución xeracional no persoal, adaptándoo ás novas necesidades do Estaleiro 4.0 e que se regulase e se fidelizara a industria auxiliar.

Pese que tanto a parte social como a empresarial defenden a aplicación do plan, e ata coinciden nos principais alicerces sobre os que debe sustentarse, as conversacións para o desenvolvemento do programa continúan sen arrincar. A día de hoxe a situación segue a ser a mesma e non se adoptaron as medidas



necesarias para iniciar as negociacións entre o Goberno, a empresa e as e os representantes legais dos traballadores para a elaboración do citado plan industrial.

Os últimos balances contables de Navantia arrojan datos económicos negativos, con perdas en 2015 que roldan os 168 millóns de euros e en 2016 de 230 M€.

Estas dificultades económicas non se deben só á falta de carga de traballo, a empresa non ten capacidade para dar resposta aos contratos asinados, ao carecer de capacidade de xestión, tanto no financeiro como no laboral.

Nos últimos anos as políticas levadas a cabo polo PP están a provocar o afogamento do sector público industrial, acrecentado pola falta de partidas necesarias nas sucesivas Leis Xerais de Orzamentos dende o ano 2012.

Pola súa banda o Goberno da Xunta de Galicia segue coa súa política de portadas da prensa amiga cando hai algunha noticia positiva, nas que non ten nada de que presumir dada a súa total inhibición sobre a xestión de Navantia, desatendendo as múltiples iniciativas deste grupo nas que instabamos a solicitar ao Goberno do Estado a presenza da Xunta no Consello de Administración de Navantia dado o seu carácter estratéxico para as políticas industriais en Galicia. Por contra, cando hai noticias negativas ou ausencia de noticias, como é no caso do desenvolvemento do imprescindible Plan Industrial, esconde a cabeza como a avestruz alegando non ter competencias.

O Plan Industrial de Navantia, anunciado pola compañía e a SEPI hai máis de 7 meses, e como xa mencionamos aprobado no Congreso hai ano e medio, segue nas pavías, e ante esta inacción do Goberno do Estado e a indiferenza do Goberno da Xunta, Navantia queda abandonada á súa sorte. É incomprendible



tanta incompetencia e tanta pasividade ante a deterioración da compañía.

Tamén é incompresible que os responsables do PP en Galicia e en Madrid non saiban ver os enormes valores tecnolóxicos e industriais de Navantia Fene e Ferrol un estaleiro de primeiro nivel mundial.

A súa aversión cara ao público lévalles mesmo a deostar de maneira ignorante e indignante aos profesionais, técnicos e traballadores destes estaleiros deixándoos ante a opinión pública como unha rémora social que só vive do maná do Estado.

A ignorancia curase lendo e, se lesen as publicacións de maior prestixio do sector naval a nivel internacional, verían que por exemplo os últimos desenvolvementos de enxeñaría naval e de propulsión mixta de Navantia Ferrol e Fene como son os barcos de asalto anfíbio, LHD na nomenclatura internacional, como o recentemente entregado á armada Australiana HMAS Adelaide, son considerados os de superior operabilidade e prestacións no mundo, superando aos seus competidores desenvolvidos por estaleiros franceses ou estadounidenses.

Ante esta inacción, do Goberno do Estado e da dirección da compañía, a Xunta de Galicia debería de ser proactiva adiantando todos aqueles trámites que van ser imprescindibles para a concreción do Plan Industrial.

A materialización do Estaleiro 4.0 é un proxecto que requirirá de varios anos de execución, en concreto máis dun lustro, polo que, aínda que se puxese en marcha de inmediato, non estaría listo para arrincar cando se inicie o programa de construción das futuras fragatas F-110 para a Armada española que podería dar vida e carga de traballo aos estaleiros por un prazo de 10 anos.

E dentro dese proxecto de Estaleiro 4.0 a peza crave é o imprescindible dique seco cuberto que permite a integración da fabricación nun mesmo espazo e a automatización de moitos procesos.



A súa localización tamén esta clara, non hai outra alternativa, na dársena de Caranza pertencente ao estaleiro de Ferrol. Esta localización ten moitas afectacións ambientais, polo que o estudo de impacto ambiental e as medidas para palialas será moi complexo. Por iso urxe polo en marcha de inmediato e non perder máis tempo. Non valen as excusas de que aínda non se publicou o Plan Industrial. Ante a inacción negligente doutras administracións a Xunta de Galicia ten que actuar con responsabilidade e dilixencia.

Por todo o exposto, **En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

- 1.- Activou a Xunta de Galicia algunha estratexia ou actuación para poñer en marcha o estudo de impacto medioambiental para o dique seco de Navantia en Caranza?
- 2.- Ten a Xunta de Galicia información de cando se van iniciar as negociacións entre o Goberno, a SEPI, Navantia e a representación dos traballadores para rematar o imprescindible Plan Industrial?
- 3.- A Xunta de Galicia vai trasladar ao Goberno o seu interese de estar representada en esas negociacións?
- 4.- Ten a Xunta de Galicia información de cando se estima rematar, publicar e poñer en marcha o Plan Industrial?
- 5.- Ten a Xunta de Galicia información do financiamento necesario para desenvolver o Plan industrial e como se vai financiar?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 16:30
Nº Registro: 17729
Data envío: 28/09/2017 14:26:48.079

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 28/09/2017 14:25:51

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 03.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 18019(10/POC-003018)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia en relación coas seis edicións do Encontro de Artesanía Tradicional e Popular de Galicia, Corazón de Artesanía, levadas a cabo nos Pendellos de Agolada, na provincia de Pontevedra, os datos ao respecto e os resultados das enquisas de satisfacción dos participantes

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18019
Data envío: 02/10/2017 14:07:51.570

A Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Conscientes da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega, a Xunta de Galicia segue apostando por un sector artesán forte e capaz de adaptarse ás novas tendencias do mercado .

Unha das actuacións levadas a cabo no marco do Plan de Artesanía de Galicia, co obxectivo de potenciar a promoción, profesionalización e visualización do sector é o Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia. Corazón da Artesanía, que se celebra nos Pendellos de Agolada (Pontevedra).

Segundo se establece no propio Plan, Corazón de Artesanía configúrase como un espazo de encontro (xornadas, exposicións, venda, talleres, demostracións) que permite a interacción de diferentes campos que conforman a nosa identidade e a posta en valor da nosa artesanía.

En base o anterior, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas en Comisión:

1. Que balance fai a Xunta de Galicia das seis edicións do Encontro de Artesanía Popular Corazón de Artesanía?
2. Cantos obradoiros artesanais participaron nas diferentes edicións e cantos produtores locais? ¿Cantos persoas visitaron o Encontro de Artesanía Popular Corazón de Artesanía?
3. Se fixeron enquisas de satisfacción aos participantes? De ser o caso, ¿Cal foi o resultado de ditas enquisas?
4. Que iniciativas se levaron a cabo no marco do Encontro de Artesanía Popular Corazón de Artesanía?



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18019**
Data envío: 02/10/2017 14:07:51.570

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 02/10/2017 14:03:20

María Antón Vilasánchez na data 02/10/2017 14:03:34

Moisés Blanco Paradelo na data 02/10/2017 14:03:40

María Isabel Novo Fariña na data 02/10/2017 14:03:46

Marta Novoa Iglesias na data 02/10/2017 14:03:54

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/10/2017 14:04:02

Sandra Vázquez Domínguez na data 02/10/2017 14:04:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 03.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 18991(10/POC-003123)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non participar no
Fairway (Fórum do Camiño de Santiago)

Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Despois do éxito da primeira cita da *Fairway*, celebrada en 2015, os seus organizadores aspiran a referendar o seu papel como punto de encontro dos profesionais que traballan ao redor das rutas dos distintos Camiños de Santiago.

No próximo mes de novembro, do 10 ao 12, de 2017 celebrarase a segunda edición da *Fairway* no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia.

Este evento, quere ser un punto de referencia para todo o sector profesional ao redor do Camiño ou dos camiños, contará cunha importante presenza internacional. Así, e ata o momento, xa confirmaron a súa presenza máis de 30 tour-operadores de 14 países distintos: Colombia, Noruega, Irlanda, Brasil, Uruguai, Portugal, Nova Zelandia, Estados Unidos, Canadá, Arxentina, Reino Unido, Italia, Alemaña e España.

Tamén contará este evento coa representación de sete comunidades autónomas: Asturias, Aragón, Cantabria, Castela-León, Navarra, País Vasco e A Rioxsa, onde tamén estarán representados os concellos polos que discorren os distintos camiños.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Cal é motivo polo que a Xunta de Galicia non participa no *Fairway* (Forum do Camiño de Santiago)?

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 16:41
Nº Rexistro: 18991

Data envío: 18/10/2017 16:41:20.651



Grupo Parlamentario

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/10/2017 12:32:48

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/10/2017 12:33:03

Partido dos
Socialistas
de Galicia
